

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/2

DATA: xoves 28 de febreiro de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:25 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTÁNS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS
PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

PP
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO
Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 1 PLENO ORDINARIO DE 31 DE XANEIRO DE 2019
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 107,415 exp. 2019/G010/000002

3. RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL AS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA Nº 85/2019 coa dilixencia de corrección de erros e resolución nº 175/2019 das MODIFICACIÓNS EMENDAS SOLICITADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POS 2019
4. DILIXENCIA DE CORRECCIÓN ERRO ACORDO PLENO: MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN INCAPACIDADE TEMPORAL
5. APROBACIÓN PROPOSTA DE ESTATUTOS (ANEXO I) PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA
6. APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL TAXA PISCINA E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS. ACTUALIZACIÓN IPC 2018-2018
7. Devolución de Aval Bancario do Expte. de JESUS FORNEAS TEIJEIRO do contrato de recadación executiva
8. Resolución da solicitude de Servicio, SL relativa á liquidación do contrato de explotación e xestión do servizo público da piscina municipal de Rianxo (2009-14)
9. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

1146314789

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=WUDMp7CbgMk>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 1 PLENO ORDINARIO DE 31 DE XANEIRO DE 2019

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2019 de 31/01/2019.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 31/01/2019, Acta nº 1/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2019 ata o 31/01/2019, que comprenden os números 1/2019 ao 76/2019, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión ordinaria do día 15/01/2019
- Acta nº 2 da Sesión ordinaria do día 28/01/2019

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL AS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA Nº 85/2019 COA DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS E RESOLUCIÓN Nº 175/2019 DAS MODIFICACIÓNS EMENDAS SOLICITADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POS 2019

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

POS 2019 - SOLICITUDE

MODIFICACIÓNS EMENDAS SOLICITUDE POS 2019

Expediente de orixe: 2018/A003/000060

En Sesión plenaria do 13 DE DECEMBRO DE 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019.

En xaneiro de 2019, a Deputación Provincial da Coruña, requiriu emendar a solicitude do POS os anexos

De acordo co artigo 192 da Lei 39/2015, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta Alcaldía, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13 de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, RESOLVE:

PRIMEIRO

Modificar a solicitude de POS 2019 aprobado por acordo plenario do día 13 de decembro de 2018 atendendo as emendas solicitadas pola Deputación Provincial da Coruña, de xeito que no acordo **onde di:**

.../...

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- **“Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:**

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	236.754,18
Subtotal gasto corrente	236.754,18

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN – FASE 1, TARAGOÑA	35.640,42	19.268,69	54.909,11
Subtotal investimentos achega provincial 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
PAVIMENTACIÓN DE PISTA A MEIQUIZ E RIAL (1a FASE)	40.487,20	8.812,29	49.299,49
Subtotal investimentos achega provincial 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Préstamo Deputación</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	93.343,17	5.000,00	98.343,17
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	93734,39	5.594,34	99.328,73
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

<i>Entidade financeira</i>	<i>Número/código do préstamo</i>	<i>Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda</i>
0	0	0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	162.855,29	0	162.855,29
	Achega 2019	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	236.754,18	0	236.754,18
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11
	Achega 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49
	Préstamo 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0	0	0
	Achega 2019	272.394,60	19.268,69	291.663,29

TOTAL	Achega 2018	203.342,49	8.812,29	212154,78
	Préstamo 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90
	TOTAL	662.815,65	38.675,32	701.490,97

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	168.420,21
TOTAIS	505.916,55

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos , augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

debe dicir:

.../...

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- **"Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian

con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	236.754,18
Subtotal gasto corrente	236.754,18

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN – FASE 1, TARAGOÑA	35.640,42	19.268,69	54.909,11
Subtotal investimentos achega provincial 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN DE PISTA A MEIQUIZ E RIAL (1a FASE)	40.487,20	8.812,29	49.299,49
Subtotal investimentos achega provincial 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	93.343,17	5.000,00	98.343,17
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	93.734,39	5.594,34	99.328,73
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	187.077,56	10.594,34	197.671,90

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
0	0	0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	162.855,29	0	162.855,29
	Achega 2019	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	236.754,18	0	236.754,18
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11
	Achega 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49
	Préstamo 2019	187.077,56	10.594,34	197.671,90
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0	0	0
TOTAL	Achega 2019	272.394,60	19.268,69	291.663,29
	Achega 2018	203.342,49	8.812,29	212.154,78
	Préstamo 2019	187.077,56	10.594,34	197.671,90
	TOTAL	662.814,65	38.675,32	701.489,97

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	168.420,21
TOTAIS	505.916,55

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos , augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e

execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

SEGUNDO:

Comunicar esta resolución á Deputación Provincial, á intervención municipal e ratificar esta Resolución no próximo Pleno da corporación.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN PROXECTOS EMENDADOS POS 2019

MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA

DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO – FASE I

MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHAN- FASE I – TARAGOÑA

REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES

En Sesión plenaria do 13 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019.

Que o día 04.02.2019 ditouse a Resolución da Alcaldía número 85/2019 MODIFICACIÓNS EMENDAS SOLICITUDE POS 2019

Denominación da obra ou subministración	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	98.343,17
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE I	222.357,39
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHAN- FASE I - TARAGOÑA	54.909,11
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	99.328,73

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse os requirimentos de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña, corrixiéndose nos proxectos de emenda presentados, e subidos a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos nos proxectos a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar os proxectos técnicos en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	98.343,17
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE I	222.357,39
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHAN- FASE I - TARAGOÑA	54.909,11
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	99.328,73

SEGUNDO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para a súa ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 DILIXENCIA DE CORRECCIÓN ERRO ACORDO PLENO: MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN INCAPACIDADE TEMPORAL

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Advertido un erro no acordo adoptado polo pleno ordinario de data 31/01/2019, procede a súa rectificación:

onde dí:

SEGUNDO

O presente acordo surtirá efectos as incapacidades temporais que se houberse producido dende o 8 de novembro día da aprobación na negociación colectiva.

Debe por:

SEGUNDO

O presente acordo surtirá efectos as incapacidades temporais que se houberse producido dende o 14 de novembro día da aprobación na negociación colectiva.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 APROBACIÓN PROPOSTA DE ESTATUTOS (ANEXO I) PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que “o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica

habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolverlas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia, como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5.^a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non establecido nela, a lexislación do Estado sobre asociacións.

Nos artigos posteriores, dispón que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que estarán regulados pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación reconece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para conseguiren os seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, nunha xuntanza entre diversos concellos, celebrada o pasado 25 de outubro en Santiago de Compostela, formulouse a proposta de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega que se rexerá polos estatutos que se xuntan.

De acordo co texto dos estatutos, poderán integrarse na asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, conten no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin. No caso deste Concello, o pleno celebrado o 26 de xullo de 2018 xa

manifestou da adhesión do concello de Rianxo a adherirse a Asociación de Entidades locais pola Lingua Galega .

Por outra parte, o artigo 28 do borrador de estatutos establece unha cota ordinaria que deberán aboar as entidades que formen a asociación, en función do tramo de poboación no que se inclúan. Tendo en conta a poboación deste Concello, correspóndelle unha cota de 2500 euros, que deberán ser aboados no primeiro trimestre de cada ano con cargo á aplicación que se consigne no orzamento xeral do Concello.

Por acordo plenario de 26 de xullo de 2018 aprobouse a vontade do Concello de Rianxo de adherirse a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega . Designouse a Adolfo Muíños Sánchez como representante político da Corporación na asemblea da Asociación e o técnico de normalización lingüística como representante técnico e o compromiso do Concello como representante técnico e manifestou o compromiso do Pleno de incluír no orzamento xeral do Concello os fondos necesarios para o pagamento da cota ordinaria de participación na asociación

Así mesmo, a Intervención municipal e a secretaria emitiron informe conxunto con data 19 de febreiro de 2019

Ao abeiro do anterior e do que dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, V propóñense para seren aprobados polo Pleno, os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de estatutos (anexo I) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

SEGUNDO

Sinalar como representante político da entidade ao Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez e suplente a concelleira delegada Raquel Garcia Abuín e o técnico de normalización lingüística, do Concello de Rianxo como representante técnico.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN, do día 25/02/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 APROBACIÓN MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL TAXA PISCINA E OUTRAS INSTALACIÓNS ANEXAS. ACTUALIZACIÓN IPC 2018-2018

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Solicitude de Aquafit Gestion, SL para a revisión de prezos presentada o 26/02/2018

Datos do INE da variación do IPC interanual de febreiro nos períodos 02/2015-02/2018

O 03/07/2018 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 580/2018, que acordou literalmente o seguinte, de acordo co informe de Intervención emitido nesa mesma data:

<<PRIMEIRO

Aprobar a revisión do canon anual de modo que os importes mensuais de cada período de revisión son:

• Período	• Coeficiente de revisión	• Canon mensual
• Marzo 2015 – Febreiro 2016	• -1,10%	• 7.017,10
• Marzo 2016 – Febreiro 2017	• -0,80%	• 6.969,38
• Marzo 2017 – Febreiro 2018	• 3,00%	• 7.147,10
• Marzo 2018 – Febreiro 2019	• 1,10%	• 7.213,93

SEGUNDO

Aprobar a regularización pola non revisión do canon durante o período do contrato ata o mes de xuño de 2018 (este incluído) por un importe a 874,41 €, a ingresar pola empresa concesionaria na Tesourería municipal. Para elo deberá emitirse unha factura rectificativa no prazo dun mes desde a notificación deste acordo, á que deberá achegárselle o xustificante do ingreso na conta bancaria municipal (Nova Caixa Galicia: ES75 2080 0310 5431 1000 0104).

(...)

O 26/02/2018 Aquafit Gestion, SL presentou a súa solicitude para a actualización das tarifas do contrato de concesión da explotación do servizo da piscina municipal e instalacións anexas, de acordo coas cláusulas do contrato.

O 03/07/2018 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 580/2018, de acordo co informe de Intervención da mesma data acordando a revisión do canon, segundo os criterios da cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A dita resolución notificóuselle ao concesionario o 10/07/2018 e este presentou un recurso de reposición o 08/08/2018 no que solicita *"que se teña por interposto o recurso de reposición contra a Resolución 580/2018 da Alcaldía do 02/07/2018 e que, previos os trámites legais oportunos, dite resolución pola que, estimando o recurso na súa totalidade, declare a nulidade de pleno dereito ou a anulabilidade da resolución impugnada, acordando tramitar a solicitude de revisión de tarifas interesada pola concesionaria"*.

RA 786/2018 no sentido de estimar as alegacións interpostas por Aquafit Gestión, SL no seu recurso e anular a Resolución núm. 580/2018, do 3 de xullo. Deberá iniciarse de novo a tramitación da solicitude que deu lugar a esta resolución e que se presentou por parte da recorrente o 26/02/2018.

3.1 Termos da revisión de prezos

A cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas do contrato de xestión da piscina municipal regula a revisión de prezos nos seguintes termos:

"O contrato que se formalice entenderase convindo a risco e ventura do adxudicatario, sen que este poida solicitar alteración de prezos ou indemnización; salvo nos casos legalmente previstos.

Agora ben, de conformidade co artigo 89 do TRLCSP, transcorrido un ano dende a formalización do contrato e sen necesidade de estar executado o 20% do seu importe, por estarmos ante un contrato de xestión dun servizo público, poderá o contratista solicitar, e o Concello acordar a revisión do seu prezo.

Esta revisión efectuarase por referencia ao IPC experimentado durante o período anual anterior, segundo os datos que publike o Instituto Nacional de Estatística ou organismo oficial que o substitúa, referido á data de adxudicación do contrato, de data a data e subsidiariamente de mes a mes. De conformidade co artigo 90.3 TRLCSP a revisión será do 85 por cento de variación experimentada polo dito índice, procedéndose deste xeito ao incremento do prezo do contrato. Así mesmo e co mesmo límite do 85% do indicado IPC poderá revisarse á baixa o prezo cando o IPC sexa negativo".

En vista do artigo, os elementos claves para cuantificar a revisión de prezos son:

Período

No primeiro ano do contrato non procede a revisión de prezos. Polo tanto, dado que o contrato formalizouse o 28/02/2004, a aplicación da revisión só poderá realizarse a partir do mes de marzo de 2005.

Data de referencia do IPC

O IPC será o referido á data de adxudicación. Deberá tomarse de data ou, no seu defecto, de mes a mes.

Dado que os datos de variación do IPC calcúlanse de mes a mes, será esta a opción escollida.

Importe

O coeficiente de revisión será o resultado de aplicarlle ao IPC unha porcentaxe do 85%.

3.2 Importe da revisión

Os datos do IPC que deben aplicarse á revisión do canon son os seguintes:

	IPC	0,85 X IPC
IPC febreiro 2014-15	-1,10%	-0,94%
IPC febreiro 2015-16	-0,80%	-0,68%
IPC febreiro 2016-17	3,00%	2,55%
IPC febreiro 2017-18	1,10%	0,94%

$$1-0,94) \times (1-0,68) \times (1+2,55) \times (1+0,94) = \mathbf{1,84\%}$$

En base ao anterior procede a modificación das tarifas recollidas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos para uso e desfrute da piscina municipal e instalacións anexas (BOP nº 143 30/07/2013) e axustaranse tendo en conta o incremento do IPC para o período 2015-2018 (1,84%).>>

Con data 20/02/2019 emítase informe proposta da Tesourería municipal informando favorablemente.

Con data 20/02/2019 emítase informe favorable da Intervención municipal a proposta

En virtude das competencias concede a lexislación proponse á Comisión Informativa de Facenda, o dictamen favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO .

Aprobación inicial da modificación da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DESFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS** co seguinte contido:

<<Artículo 1º.-Fundamento e natureza.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 a 19, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e conforme o artigo 20 da mesma, modifícase a Taxa pola utilización de servizos e instalacións da Piscina Municipal e instalacións anexas, que se regula mediante a presente Ordenanza fiscal: Taxa pola prestación de servizos para uso e desfrute da Piscina Municipal e Instalacións anexas.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización das instalacións da Piscina Municipal, de conformidade co disposto no artigo 20.4) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas polos servizos regulados na presente ordenanza. No suposto de que os usuarios dos servizos sexan menores, terán a condición de suxeitos pasivos os titores ou encargados dos menores.

Artigo 3º. Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento do taxa regulamentada nesta ordenanza os que se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados nas instalacións da Piscina Municipal. No suposto de que os usuarios dos servizos sexan menores, terán a condición de obrigados ó pagamento os titores ou encargados dos menores.

Artigo 4º. Base imponible

Constitúe a base imponible desta taxa o coste real ou previsible do servizo que consta como feito imponible.

Artigo 5º. Tarifas redaccións

A taxa a satisfacer ó Exmo. Concello de Rianxo ou empresa Concesionaria pola utilización das instalacións que a continuación se citan, axustaranse ás seguintes:

Tarifas:

TARIFAS	Importe 2019
1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)	
MATRICULA ABONADO	26,03 €
INSCRIPCIÓN CURSILLISTA NON ABONADO	20,83 €
EXCEDENCIA	26,03 €

Observacións:

- Os usuarios que ingresen na instalación e inscribese por primeira vez como socio- abonado ou se apunta a algunha das actividades acuáticas das que se oferten, aboará unha cota en concepto de matrícula polos custos administrativos de inscrición. Esta cota de alta é independente da cota mensual.
- Aquela persoa que cause baixa abonará unha cota de excedencia no momento de reincorporarse polos custes administrativos do tratamento da baixa e alta.
- Toda persoa que se abone pagará o mes completo independentemente da data que se dea de alta.

2,-Socio- Abonado (tarifa mensual)	
INSCRIPCIÓN ADULTO	26,03 €
INDIVIDUAL MENOR DE IDADE	16,65 €
INDIVIDUAL HORARIO DE MAÑÁ	15,60 €
INDIVIDUAL XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO *	12,49 €
FAMILIAR (unidade familiar con fillos menores de idade)	31,22 €
* POR FILLO ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS	9,36 €
MATRIMONIO DE XUBILADOS E/ OU PENSIONISTAS	18,73 €

Observacións:

· Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:

1. Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
2. Zona SPA e zona e relaxación
3. Sala de Fitness
4. Actividades físico- deportivas dirixidas
5. Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.

· Socio- Abonado FAMILIAR:

1. Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
2. Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumpran os 18 anos.
3. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.
4. Para acollerse o abono de socio Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O troco de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.

· Socio- Abonado nas categorías de: ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS OU PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO:

1. Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.
2. No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60 anos, ou presentar xustificante de ser pensionista.

3. Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.

4. Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

3.- Entradas puntuais : (tarifas por entrada puntual- sesión)

3.- Entradas Puntuais- sesión (tarifas por entrada puntual- sesión)

PISCINA	5,19 €
PISCINA: COLECTIVOS ESPECIAIS * E INFANTIL	3,11 €
SALA FITNESS: ADULTO	6,23 €

Observacións:

· Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

4.-Reservas: (tarifas por hora)

4.- Entradas Puntuais - reservas- (tarifas por hora)

USO DUNHA RÚA DA PISCINA 1 HORA	21,85 €
USO DA PISCINA PARA COMPETICIÓNS / 1 HORA	302,92 €

Observacións:

· A tarifa correspóndense coa reserva- alugamento dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

5.- Actividades acuáticas (Tarifa mensual)	Abonados	Non abonados
4,-1) INFANTIL E MOZOS/ AS		
1 DÍA/ SEM.	9,36 €	18,73 €
2/ DÍAS/ SEM	17,70 €	35,40 €
4,-2) ADULTOS		
1 DÍA/ SEM.	9,36 €	18,73 €
2/ DÍAS/ SEM	17,70 €	35,40 €
3/FÍAS/ SEM	24,98 €	49,98 €
4,-3) BEBÉS		
1 DÍA/ SEM.	12,49 €	24,98 €
4,-4 CURSOS INTENSIVOS VERÁN		
1 DÍA/ SEM.	18,73 €	37,48 €

Observacións:

· Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios- abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todos as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa Concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda en cada momento.

Artigo 6º. Normas de Xestión, Devendicación e Ingreso.

As liquidacións que se practiquen en concepto desta taxa, poderán esixirse en réxime de autoliquidación, facilitándose os impresos correspondentes, ben nas Oficinas do concello ou pola empresa Concesionaria.

O Pago da taxa deberá efectuarse cando se solicite o servizo sen cuxo requisito non se efectuará o referido servizo.

Todo usuario que ingresa na instalación e inscríbese por primeira vez como socio- abonado para calquera dos servizos prestados nas instalacións da Piscina Municipal, abonará unha cota en concepto de matrícula.

Devendícase a taxa, e nace a obriga de contribuír, desde o momento en que se inicie a prestación do servizo.

O pago da taxa efectuarase no momento de entrar no recinto da Piscina Municipal, cando se trate de entradas puntual-diarias para non abonados.

Os abonos individuais e familiares poderán ser pagados en calquera das contas bancarias que teña aberta o Concello ou ben a empresa Concesionaria.

Cando por causas non imputables o suxeito pasivo e debidamente documentadas, o servizo non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente, agás os períodos de peche obrigados.

Artigo 7º. Concertos Fiscais

As persoas naturais ou xurídicas, así como as entidades, organismos, asociacións, federacións ou clubs, etc, que organicen actos ou utilicen as instalacións obxecto desta Ordenanza Fiscal con carácter periódico e para realización de actividades deportivas nas que estean federadas, poderán solicita-lo correspondente concerto económico co Concello de Rianxo ou empresa Concesionaria.

As condicións do mesmo serán fixadas, en todo caso, de acordo có procedemento legalmente establecido e a aprobación destes concertos corresponderá o Concello de Rianxo ou empresa

concesionaria, previa petición por escrito motivado explicando para que actividades se aplicaría o concerto.

O concerto poderá establecer unha redución das tarifas da presente ordenanza, correspondendo ao establecemento da porcentaxe de redución o concello de Rianxo ou empresa Concesionaria.

Disposición Final

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o _____.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o día seguinte a publicación do acordo definitivo no BOP.>>

SEGUNDO

Dita ordenanza someterase a información pública durante 30 días, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL e artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO

De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

CUARTO

O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e no BOP.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 25/02/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 3 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e unha abstención (do membro do grupo Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

7 DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO DO EXPTE. DE JESUS FORNEAS TEIJEIRO DO CONTRATO DE RECADACIÓN EXECUTIVA

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Contrato do servizo de recadación municipal por xestión directa en período voluntario e executivo, suscrito entre o Concello de Rianxo e D. Jesús Forneas Teijeiro, o de 3 de outubro de 1988.

Contrato de actualización de Padrón e Asistencia en materia de xestión tributaria suscrito entre o Concello de Rianxo e “Gestión, Recaudación e Tramitación S.L.”, o 20 de decembro de 1995.

Informe emitido, a solicitude do Concello, polo xefe de Asistencia Económica a Municipios, do 16/06/05 (rex. entrada nº 3119, de 26/09/2005).

Por Acordo do Pleno do 24/02/06 acórdase o inicio do expediente de resolución do contrato. Notificación do acordo:

- Sr. Forneas, 27/02/2006 (rex. saída nº 476).

- Caixa Galicia (avalista) (rex. saída nº 574, de 08/03/2006), achegándolle unha fotocopia do aval.

Acordo plenario de ampliación prazo do 07/03/2006. Notificación do acordo plenario ao Sr. Recadador (rex. saída nº 579 de 08/03/2006).

Escrito de alegacións do Sr. Forneas opoñéndose á resolución do contrato – 14/03/06 (rex. entrada nº 911).

Acordo plenario, sesión extraordinaria de data 28/03/06 –formulando proposta de resolución e acordando a remisión do expediente ao Consello Consultivo.

Acordo plenario do 02/06/2006 polo que se acorda a resolución de contrato do servizo de recadación suscrito o 03/10/1988.

O 21/02/2008 recíbese no rexistro de entrada do Concello un buro-fax co núm. 20080000001000 de Jesús Forneas Teijeiro, no que reitera a segunda solicitude de certificado do importe total abonado polos servizos prestados nos exercicios 2004, 2005 e 2006, achegando fotocopia do escrito de requirimento emitido pola Subdirección Xeral de Clasificación.

O 21/02/2008, remíteselle un oficio a Jesús Forneas Teijeiro polo rexistro de saída do concello co núm. 20080000000955, en contestación aos escritos do 13/12/2007 e 17/12/2007 e polo que se lle achega a certificación dos importes satisfeitos por anualidades.

O 25/03/2010 Jesús Forneas Teijeiro, presenta no rexistro de entrada do concello co núm. 20100000001764 un escrito, no que solicita devolución do aval expedido a favor do Concello de Rianxo por importe de 4.507,59 €; a devolución dos gastos dos empregados por importe de

8.258,47 € e dos acuses de recibo de 11.030,40 € e a inclusión dos intereses de demora de ambos dous conceptos por ter cesado no seu contrato administrativo en materia de recadación o 27/02/2006.

O 20/09/2010, remíteselle unha notificación polo rexistro de saída co núm. 201000000005334 deste concello, no que se declara improcedente a devolución do aval por importe de 4.507,59 € ata que se rematen as comprobacións oportunas para liquidación do contrato e denégase o recoñecemento de obrigas polos importes solicitados o 25/03/2010.

O 25/10/2010 Jesús Forneas Teijeiro presenta no rexistro de entrada do concello co núm. 201000000006550 un escrito no que reitera a solicitude de devolución de aval tendo en conta o informe do Consello Consultivo e dos pagos xerados dos acuses de recibo e dos gastos de persoal e outro non cobrado.

O 27/04/2011 Jesús Forneas Teijeiro presenta no rexistro de entrada do concello co núm. 201100000002443 un escrito no que comunica a imposibilidade de levar a cabo o tratado na reunión mantida o día 06/04/2011.

O 12/08/2011 Jesús Forneas Teijeiro presenta un escrito no rexistro de entrada do concello co núm. 201100000004923 no que solicita devolución do aval do 03/10/1988 e achega Acta de conciliación de diferencias de saldos liquidados asinada por el e a tesoureira municipal.

O 15/03/2017 Jesús Forneas Teijeiro presenta un escrito no rexistro de entrada do concello co núm. 201799900000017 no que reitera a solicitude de devolución do aval do 03/10/1998 e achega a Acta de Conciliación, a Póliza do Aval e a solicitude anterior.

O 26/02/2018 Jesús Forneas Teijeiro presenta un escrito no rexistro de entrada do concello co núm. 201800000001130, polo que achega unha documentación para axilizar o levantamento do aval ao seu nome: a copia das 5 primeiras páxinas do contrato administrativo, a copia da Acta de Conciliación de valores e copia do contrato de aval obxecto da devolución do 03/10/1988.

Certificado rexistro civil de de defunción de Don Jesús Forneas Teijeiro (data falecemento 16/06/2018)

Datos do aval:

- CONTRATISTA//CIF: Jesús Forneas Teijeiro
- GARANTE: responsabilidades civís, como garantía correspondente a xestión de cobro dos Impostos Municipais: Auga, Contribución Rústica ,e Urbana incluídas as correspondentes Plusvalías
- DATA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: 3 de outubro de 1988
- DATA DE CONSTITUCIÓN// DATA DE DEPOSITO: 9 de agosto de 2016
- TIPO DE GARANTÍA: Definitiva.

- AVAL DA ENTIDADE: Caixa Galicia Caja de Ahorros de Galicia
- NUMERO DE AVAL: núm. rexistro 560-380-3060/1
- IMPORTE AVAL: 750.000 mil pesetas

Visto o informe de secretaria e intervención de data 20 de febreiro de 2019 no que conclúen que “Vistos os antecedentes anteriores, emitimos informe favorable á devolución do aval con núm. rexistro 560-380-3060/1, e por importe de 750.000 pesetas, constituído pola Caja de Ahorros de Galicia en garantía do servizo de xestión de cobro dos Impostos Municipais: Auga, Contribución Rústica e Urbana, incluídas as correspondentes Plusvalías “

Unha vez emitido informe de tesourería de data 24/02/2019.

Visto que o contrato de resolveu por acordo plenario de 2.6.2006 e se asinou acta de conciliación con data 9.5.2011 no día da data de hoxe febreiro de 2019, esta Alcaldía propón o pleno, o seguinte PROPOSTA DE acordo:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a cancelación do aval número núm. rexistro 560-380-3060/1, e por importe de 750.000 pesetas constituído por Caja de Ahorros de Galicia en garantía do servizo de xestión de cobro dos Impostos Municipais: Auga, Contribución Rústica e Urbana incluídas as correspondentes Plusvalías da Jesús Forneas Teijeiro.

SEGUNDO

Someter a un período de exposición pública de 15 días hábiles este acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais.

TERCEIRO

Notificar aos interesados o presente acordo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 25/02/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e catro abstencións (dos 3 membros do grupo PP e 1 membro de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

8 RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE SERVIICIO, SL RELATIVA Á LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DE RIANXO (2009-14)

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 05/05/2017 rexístrase de entrada con núm. 201799900000031 un escrito da empresa Serviicio, Cultura, Deporte e Recreación, SL polo que solicítalle ao Concello de Rianxo a compensación da parte non amortizada dos investimentos acometidos para a posta en funcionamento da piscina municipal ao abeiro do contrato da súa explotación no período 2009-14.

Ante a falta de resolución expresa desta solicitude, Serviicio presentou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela, dando lugar ao procedemento ordinario 435/2017.

Con anterioridade tramitouse un expediente en base a unha solicitude desta empresa, que inclúe a seguinte documentación:

Rexistro de entrada o 05/03/2019 dun escrito da empresa Serviicio, SL. Nel expónse que o día 28/02/2014 finalizou o contrato administrativo de xestión do servizo público "Piscina Municipal do Concello de Rianxo e reclaman o importe previsto contractualmente, que cuantifican en 69.823,03 €, máis o IVE correspondente, resultando un total de 84.485,87 €. Presentan unha factura pola dita contía. Así mesmo, solicitan a devolución da garantía definitiva.

O 09/06/2014 reiteran a reclamación anterior ante o silencio da Administración.

O 30/10/2014 a Intervención Municipal emite un informe no que emítense as seguintes conclusións:

"4. CONCLUSIÓN

1. Debe devolverse a factura co fin de acreditar documentalmente o importe reclamado do custo inicial dos investimentos de primeiro establecemento netos da súa amortización acumulada.

2. En relación aos gastos financeiros indícase que o seu cálculo non se corresponde coa redacción do prego, polo que debe revisarse e xustificar documentalmente o seu cálculo, co fin de verificar a súa suxeición ao contrato.

3. En relación ao IVE non corresponde a súa repercusión, de acordo coas consultas vinculantes da DXT V2339-07 e V2159-09, que consideran que a reversión dos investimentos neste tipo de contratos non constitúen feito impositivo do imposto".

O 30/10/2014, dítase a Resolución da Alcaldía núm. 604 no que acórdase non prestar conformidade á factura polos seguintes motivos:

"Precísase da seguinte información para verificar o importe a compensar:

1. En relación ao importe pendente de amortizar:

- O maior das contas do inmovilizado cos movementos relativos aos investimentos de primeiro establecemento realizados en virtude da cláusula terceira do PCAP da concesión, relativo a todos os anos de vixencia da concesión administrativa.

- O maior das contas do IVE soportado deducible relativos aos ditos investimentos nos anos de vixencia da concesión. Indicación da súa deducibilidade ou non, así como a explicación sobre a aplicación da regra da prorrata, no seu caso, coa xustificación dos rexistros contables.

- O maior das contas da dotación da amortización e a da amortización acumulada relativas aos investimentos dos gastos de primeiro establecemento, para todos os anos de vixencia da concesión administrativa.

2. En relación aos gastos financeiros:

A documentación que se achega coa reclamación realiza un cálculo tomando como base o importe ofertado da amortización anual, o que non coincide coa redacción do prego de cláusulas.

Para unha correcta verificación e informe debe revisarse a base de cálculo dos gastos financeiros e coa correspondente documentación orixinal ou cotexada que a xustifique (contrato de préstamo bancario, recibos bancarios acreditativos do pagamento e co detalle do importe correspondente á amortización e aos gastos financeiros). Así mesmo, achegarse a explicación detallada e cuantificada do importe resultante que se solicita.

O prezo facturado non se corresponde cos termos pactados.

3. Outros:

En relación ao IVE non corresponde a súa repercusión, de acordo coas consultas vinculantes da DXT V2339-07 e V2159-09, que consideran que a reversión dos investimentos neste tipo de contratos non constitúen feito impositivo do imposto”.

O 24/06/2015 rexístrase de entrada (núm. 5663) un escrito remitido pola empresa Serviocio, SL un escrito no que detallan a amortización de cada un dos investimentos adquiridos para a xestión da piscina, incluíndo os gastos de primeiro establecemento e das melloras ofertadas; dos gastos financeiros e a xustificación da repercusión do IVE. Neste escrito, o importe reclamado ascende a 111.800,42 €.

O 16/09/2015 rexístrase de entrada (núm. 7206) un escrito por Serviocio, en reiteración da solicitude presentada no escrito anterior.

O 07/10/2015 requíreselle ao contratista que presente unha aclaración en relación ao cálculos dos gastos financeiros, dándolle para elo un prazo de 10 días hábiles desde a recepción do escrito. A notificación realízase o 08/10/2015.

O 15/10/2015 preséntase en Correos a información solicitada

O 19/10/2015 emítese polo Departamento de Deportes, a petición da Intervención, un informe sobre os investimentos de Serviocio na Piscina Climatizada

O 24/11/2015 esta Intervención emite un informe sobre a compensación solicitada concluíndo na necesidade de que Servicioc complete a súa solicitude.

O 26/11/2015 remíteselle o requirimento a Servicioc da documentación indicada no antedito informe de Intervención, que notifícaselle o 30/11/2015.

O 11/12/2015 a empresa presenta unha solicitude de ampliación do prazo de emenda polo tempo máximo permitido en virtude do art. 49 LRXPAC

O 11/12/2015 apróbase o Decreto da Alcaldía núm. 633/2015 no que se acorda ampliar o prazo de presentación da documentación por outros 3 días hábiles a maiores. O dito decreto notifícaselle á empresa o 15/12/2015.

O 16/12/2015 Servicioc, SL presenta en Correos a documentación en resposta ao requirimento formulado e rexístrase de entrada no concello o 18/12/2015, con número 9120.

Solicitóuselle informe á Intervención Municipal en relación ao importe solicitado pola empresa na súa reclamación do 05/05/2017 co fin de proceder á resolución do expediente.

O 21/02/2019 a Intervención emitiu o informe que se transcribe a continuación:

<<"(...) 3. INFORME

3.1 Consideracións previas do contrato

A cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) establece a obriga do concesionario de realizar uns gastos de primeiro establecemento valorados nun importe de 306.253,94 €. Por outra parte estableceuse tamén a obriga de que a amortización anual do dito inmovilizado ascendese a, como mínimo, 6.473,00 €, contía que se podería mellorar polo licitador na súa oferta ao establecerse como un dos criterios de adjudicación. Isto ten o seu fundamento no feito de que a mesma cláusula do PCAP establece como obriga do concello a compensación ao adxudicatario coa diferenza entre a amortización financeira acumulada ao vencemento da concesión e o custe inicial do inmovilizado de primeira adquisición.

Os criterios de adjudicación da licitación dividíanse entre avaliábeis por xuízo de valor e por fórmula matemática. Dentro destes últimos están:

- Incremento da amortización anual do inmovilizado material*
- Redución do canon inicial a satisfacer pola Administración*
- Renuncia ao canon adicional*
- Melloras nas instalacións*
- Seguro de responsabilidade civil*

Estes criterios teñen como obxectivo acadar a oferta economicamente máis vantaxosa e é preciso verificar a súa aplicación pola empresa concesionaria.

Na Resolución da Alcaldía núm. 1894/2008, do 19 de decembro resumíronse as proposicións presentadas

por cada un dos licitadores, así como as puntuacións respectivas. En canto aos criterios avaliados por fórmula matemática, as ofertas foron:

1. Incremento de amortización anual do inmovilizado material

Empresa	Oferta	Proposta	Puntos
Aquagest	41.000,00	34.527,00	346
Serviocio	49.940,66	43.467,66	435
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	43.638,56	37.165,56	371

2. Redución do canon inicial

Empresa	Oferta	Proposta	Puntos
Aquagest	49.199,31	12.299,83	91
Serviocio	49.247,00	12.252,14	91
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	61.499,14	0,00	0

3. Renuncia ao canon adicional

Empresa	Oferta	Puntos
Aquagest	Non	0
Serviocio	Si	25
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	Si	25

4. Mellora nas instalacións non contempladas no PCAP

Empresa	Oferta	Puntos
Aquagest	62.823,66	200
Serviocio	58.487,69	200
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	25.000,00	100

5. Seguro de responsabilidade civil

Empresa	Oferta	Puntos
Aquagest	6.000.000,00	100
Serviocio	3.000.000,00	100
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	600.000,00	50

3.2 Estudo da información achegada na solicitude aos efectos de cuantificar a compensación

Chegado ao vencemento do contrato, procede valorar a compensación prevista na cláusula 3 do PCAP. Para elo, é preciso ter en conta varios elementos:

1. *Investimentos obxecto de compensación: chamados investimentos de primeiro establecemento*

2. *Amortización acumulada dos investimentos anteriores*

Coa entrega á Administración dos activos revertibles e posterior entrega ao seguinte concesionario, Servicio asume, nun principio, unha perda como consecuencia do valor dese inmovilizado que non puido amortizar durante a concesión por ter unha vida útil superior ao prazo da concesión. No anterior plan de contabilidade pública, esta perda distribuíase durante a vida do contrato a través dunha provisión anual. O seu importe sería o valor neto contable estimado dos activos revertibles no momento da concesión: prezo de adquisición menos a amortización acumulada.

Pola cláusula 3 do PCAP o Concello de Rianxo comprometeuse a compensar o dito gasto. Para elo, chegados ao fin da concesión é preciso acudir á contabilidade da empresa e ao contrato.

3.2.1. *Investimentos obxecto de compensación: chamados investimentos de primeiro establecemento*

Na cláusula 3 valoráronse en 306.253,94 €. Este foi un elemento controvertido nas solicitudes de Servicio. Na súa primeira solicitude, presentada o 05/03/2014 mediante a emisión dunha factura, a empresa tivo en conta a integridade deste importe á hora de solicitar a compensación sen que houbera ningunha verificación coas contas da empresa. Posteriormente, tras o rexeitamento da factura polo concello, presentaron unha nova solicitude. Esta vez, dentro do importe solicitado, incluíuse o valor do total dos investimentos realizados, tanto os investimentos de primeiro establecemento como as melloras ofertadas na licitación a título gratuito e que se valoraron na licitación. Tendo en conta que estes últimos non podían incluírse dentro do importe a compensar e tras o requirimento de documentación, o concello non admitiu a trámite a solicitude, xa que coa documentación presentada non era posible instruír o expediente ata a súa resolución.

Na solicitude presentada o 05/05/2017 e que non chegou a resolverse, preséntase coa documentación anexa unha informe de auditoría no que xustifica que o importe dos investimentos de primeiro establecemento ascenden a 54.230,73 €.

Polo tanto, nesta documentación a base do cálculo necesaria para determinar o importe que corresponde recoñecerlle a empresa si coincide co previsto na cláusula 3 dos pregos de cláusulas. Hai que resaltar que mentres a primeira valoración, estimada no expediente de licitación, ascendía a 306.253,94 €, o prezo de adquisición deses investimentos resultou en 54.230,73 €.

<i>Prezo de adquisición dos investimentos de primeiro establecemento</i>	<i>54.230,73 €</i>
--	--------------------

3.2.2. *Amortización acumulada dos investimentos anteriores*

O antedito informe de auditoría determina a amortización realizada para os investimentos obxecto de compensación indicando que se aplicaron as seguintes porcentaxes anuais:

<i>Conta</i>	<i>Elemento</i>	<i>Investimento obxecto de compensación</i>	<i>% amortización</i>	<i>Amortización acumulada</i>	<i>Valor neto contable</i>
<i>(211)</i>	<i>Obra civil</i>	<i>49.597,25</i>	<i>2%</i>	<i>4.592,91</i>	<i>45.004,34</i>

(213)	Limpadora Typhon	3.226,73	15%	2.299,05	927,68
(213)	Hidrolimpadora Karcher	828,75	15%	590,48	238,27
(213)	Aspiradora Karcher	578,00	15%	411,82	116,18
		54.230,73		7.894,26	46.286,47

Obsérvase unha lixeira diferenza entre o total da táboa e o do informe de auditoría (46.336,47 vs. 46.286,47) que non é relevante.

Se ben o informe de auditoría reflicte os datos que emanan da contabilidade da empresa concesionaria, non é posible substraerse do contido do contrato de concesión neste aspecto.

Así, tal e como se indica no apartado 3.1 deste informe, un dos criterios de adxudicación era o incremento da amortización anual dos anteditos investimentos de primeiro establecemento. En efecto, trátase dun criterio que busca unha mellor oferta económica para o concello, xa que hai que ter en conta que os gastos que debe asumir como consecuencia directa do contrato son o canon anual e a compensación final da parte non amortizada deses investimentos. Polo tanto, o importe a compensar a Servicio debe cumprir dous requisitos:

- Trátase dun perda que queda reflectida nas súa contabilidade. Así, coa reversión deses investimentos ao remate da concesión, a parte non amortizada supón unha perda para empresa. Non sería posible compensarlle por un importe que non lle ocasionase un gasto na súa conta de perdas e ganancias.
- Cumprir coas cláusulas do contrato de concesión. O incremento da amortización era un criterio de adxudicación e Servicio, SL foi o licitador que realizou a mellor oferta concedéndolle neste apartado a maior puntuación.

Empresa	Oferta	Proposta	Puntos
Aquagest	41.000,00	34.527,00	346
Servicio	49.940,66	43.467,66	435
Dos Deporte Salud Ibérica, SL	43.638,56	37.165,56	371

Neste extremo, a oferta de Servicio rezaba:

Incremento da amortización anual do inmovilizado material ata un valor de CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS CORENTA EUROS CON SESENTA E SEUS CÉNTIMOS (49.940,66 €). Quedando pendente de amortización un total de 12.737,7 € euros ano, máis os gastos financeiros derivados do préstamo bancario solicitado para acometer os investimentos propostos.

As proposicións realizadas no seo da licitación pasan a formar parte do contrato, polo que a empresa está obrigada ao seu cumprimento.

Do informe de auditoría resulta que a amortización acumulada total ascendeu a 7.894,26 €. Se ben a proposición da solicitante establecía unha amortización anual de 49.940,66 €, entendo que hai que ter en

conta tamén o prezo de adquisición total.

É dicir, cos datos coñecidos no momento da licitación, ofertouse unha amortización anual de 49.940,66 €:

Oferta	Importe
Base de amortización segundo o PPT	306.253,94
Amortización anual ofertada	49.940,66
Prazo concesión	59,00
Amortización acumulada ao final da concesión	245.541,58
VNC ao final da concesión	60.712,36
VNC ao final da concesión/ano	12.348,28
% medio de amortización	16,31%

No momento do inicio da explotación coñecíase que o prezo de adquisición dos investimentos de primeiro establecemento ascendía a 54.230,73 €, un importe substancialmente inferior á estimación prevista no prego de cláusulas administrativas. Polo tanto, non resulta congruente considerar que a concesionaria debía rexistrar anualmente unha amortización anual de 49.940,66 € polos anteditos investimentos. Na miña opinión, hai que entender cumprido o contrato mantendo a proporcionalidade coa oferta presentada durante a licitación. É dicir, aplicando a mesma porcentaxe de amortización, que segundo a táboa anterior é do 16,31 por cento.

O resultado é:

Base de amortización segundo o PPT	54.230,73
% medio de amortización	16,31%
Prazo concesión	59,00
Amortización acumulada ao final da concesión	43.488,07
VNC ao final da concesión	10.742,66

Polo tanto, á vista da solicitude, obsérvase que a contabilización da amortización dos investimentos de primeiro establecemento non respectou a lei do contrato, xa que foi substancialmente inferior pasando dun total de 43.488,07 € a un dato contabilizado de 7.894,26 €.

Isto non só supón un incumprimento do contrato, senón tamén un prexuízo económico para o concello valorado en 35.593,81 € (43.488,07-7.894,26), que non ten o deber xurídico de soportar, á vista dos antecedentes.

Prezo de adquisición dos investimentos de primeiro establecemento	54.230,73 €
Amortización acumulada ofertada na licitación	43.488,07 €
Valor neto contable ao final da concesión	10.742,66 €

3.2.3. IVE

En informes anteriores que obran no expediente púxose de manifesto pola Intervención Municipal a improcedencia da repercusión do IVE nesta compensación. Esta conclusión motivouse con consultas vinculantes da Dirección Xeral de Tributos:

Para determinar se procede ou non a repercusión do IVE na reversión do inmovilizado da concesión ao Concello de Rianxo, atenderei á consulta vinculante da Dirección Xeral de Tributos (DXT) V2339-07 e á V2159-09, que chega á mesma conclusión que a primeira.

As ditas consultas refírense ao tratamento do IVE en concesións de obra pública. O contrato de xestión do servizo público da piscina non é un contrato de concesión de obra pública, senón unha concesión administrativa con gastos de primeiro establecemento. Non obstante, os argumentos da DXT sonlle igualmente aplicables, xa que analízanse as transaccións que teñen lugar ao abeiro do contrato desde un punto de vista económico, independentemente da súa forma xurídica, e en ambos contratos coexisten execucións de obra e prestación de servizo.

Para analizar o tratamento do IVE na concesión de obra pública, establecen as características fundamentais do contrato das que, para estes efectos, son relevantes:

“Os rasgos característicos desta figura contractual serían, polo tanto, a construción da obra pública a cargo do concesionario, no seu caso, e a súa posterior explotación para recuperar o investimento e obter, eventualmente, o correspondente beneficio.

Así, para os casos de construción e explotación, o contrato integra dúas fases, a de construción e a de explotación, que se inicia unha vez finalizadas as obras, como sinala a Lei 13/2003, momento a partir do cal o concesionario ten dereito á retribución que proceda durante o tempo que dura a concesión”.

Posteriormente, séguese analizando as características do contrato de concesión de obra pública concluíndo:

“Así, e sen entrar no análise das actuacións previas referentes á definición da obra e á licitación e adxudicación do contrato, irrelevantes e estes efectos, hai dous momentos de especial relevancia na súa vida e que convén subliñar: o comezo da explotación da concesión e a súa reversión á entidade concedente”.

A cuestión a dilucidar é se coa reversión estamos ante unha operación de entrega de bens suxeita a IVE e, polo tanto, o concesionario debe repercutirillo á Administración. A este respecto, a consulta V2339-07 indica:

“A partir dos conceptos anteriores debe procederse á delimitación do réxime tributario aplicable no IVE aos contratos de concesión de obra pública, para o que han de acometerse dúas tarefas:

1ª. En primeiro lugar, hai que sinalar se os ditos contratos admiten unha única cualificación, sexa unha entrega de bens ou prestación de servizos, ou se deben separarse en dúas operacións distintas,

unha entrega de bens, a da obra executada, seguida dunha prestación de servizos, os relativos ao mantemento e explotación da obra.

2º. En segundo lugar, e para o caso de que se chegara á conclusión de que se trata dunha prestación única, hai que determinar se se trata dunha entrega de bens ou dunha prestación de servizos, en función do elemento preponderante da operación.

3º. En canto á cualificación do contrato como unha única operación ou como unha operación mixta, na que concorren tanto unha entrega de bens como unha prestación de servizos, hai que facer referencia á sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 29 de marzo de 2007 (...)."

No análise da dita sentenza, indícase que o tribunal declara que "existe unha prestación única cando dous ou varios elementos ou actos que o suxeito pasivo realiza para o cliente atópanse tan estreitamente ligados que obxectivamente forman unha sola prestación económica indisoluble cuxa desagregación resultaría artificial".

Polo tanto, conclúese que "na execución dos contratos de concesión de obra pública hai que considerar a existencia dunha única operación e non de dúas". Unha vez establecido que estamos ante unha operación, corresponde determinar si se trata dunha entrega de ben ou dunha prestación de servizo. A conclusión da consulta é que estamos ante unha prestación de servizos e que, polo tanto, "as únicas operacións relevantes existentes aos efectos do IVE son as prestacións de servizos a que dean lugar a súa execución. Corolario do anterior, a entrega material das obras que se executaron que ten lugar á finalización dos ditos contratos debe considerarse como unha mera operación instrumental, carente de efectos desde o punto de vista da existencia dos feitos impositivos no IVE".

Primeira conclusión: aos efectos do IVE, estamos ante unha prestación de servizos, polo que deberá aplicarse o réxime xurídico que lle é propio.

En canto á vindicación do IVE, dado que estamos ante unha prestación de servizo, aplícanse as normas correspondentes á súa natureza, previstas no artigo 75.1.2º e 75.1.7º LIVA. Esta última establece que nas operacións de tracto sucesivo ou continuado, o imposto vindicarase no momento no que resulte esixible a parte do prezo que comprenda cada percepción"

Segunda conclusión: o IVE das prestacións de servizos devindícase cando é esixible o prezo da prestación, excluíndo, polo tanto, o momento da reversión.

Por outra parte, a Resolución núm. V2633-17 do 16/10/2017 da SX de Impostos sobre o consumo establece no apartado 5 en relación a unha reversión derivada dunha resolución dun contrato de concesión de obra pública:

"5.- Non obstante o anterior, de resultar a operación suxeita ao Imposto sobre o Valor Engadido, á dita reversión podería serlle de aplicación a exención prevista no artigo 20.Un.22º da Lei 37/1992, que declara que estarán exentas do imposto as seguintes operacións:

"A) As segundas e posteriores entregas de edificacións, incluídos os terreos nos que estean enclavados, cando teñan lugar despois de terminada a súa construción ou rehabilitación.

Aos efectos do disposto nesta lei, considerarase primeira entrega a realizada polo promotor que teña por obxecto unha edificación cuxa construción estea terminada. Non obstante, non terá a consideración de primeira entrega a realizada polo promotor despois da utilización ininterrompida do inmovible por un prazo igual ou superior a dous anos polo seu propietario ou por titulares de dereitos reais de goce ou disfrute ou en virtude de contratos de arrendamento sen opción de compra, salvo que o adquirente sexa quen utilizou a edificación no dito prazo. (...)"

Terceira conclusión: en calquera caso, a segundas e posteriores entregas de edificacións están exentas de IVE.

A maior abundamento achégase a Resolución núm. V0610-11 do 11/03/2011 que establece que as subvencións aos concesionarios non vinculadas ao prezo non están suxeitas ao IVE, mentres que as vinculadas ao prezo forman parte da base impositiva do imposto de acordo o número 3º do apartado dous do artigo 78 da LIVA. Indícase na dita consulta os requisitos que deben cumprirse para considerar que unha subvención está vinculada directamente ao prezo das operacións:

"1º. A subvención debe establecerse en función do número de unidades entregadas ou do volume dos servizos prestados.

2º A subvención ha de determinarse con anterioridade á realización das operacións."

Tras expor de modo máis detallado os requisitos esixidos, a consulta extrae as seguintes conclusións sobre o suposto formulado, pero que é de interese para este suposto:

"3. De todo o anterior cabe extraer as seguintes conclusións:

a) A subvención de explotación descrita cuantifícase como a diferenza entre os custos do servizo e os ingresos netos efectivamente realizados máis unha cantidade en concepto de incentivos e penalizacións que ten en conta o número de viaxeiros que usan o servizo e a súa calidade. Na medida na que o cálculo da subvención ten por obxecto corrixir o déficit ocasionado ao prestador do servizo e non afecta ao prezo do billete de autobús, cabe concluír que non se cumpre o requisito da incidencia e polo tanto non ten a consideración de subvención vinculada ao prezo.

b) A subvención de capital referida ten por obxecto financiar a adquisición de activos fixos e equipos. Ao non estar relacionada co volume de servizos prestados e non ter incidencia no prezo do servizo, non cumpre os requisitos anteriormente citados e, polo tanto, non forma parte da base impositiva do imposto".

A todo isto hai que engadirlle que a empresa concesionaria non repercute o IVE polo canon que lle factura

mensualmente ao concello, polo que sería unha contradición aplicarlle o IVE á compensación solicitada.

O argumento exposto pola empresa concesionaria para repercutir o IVE é: "Ao respecto, entendemos que nos atopamos ante unha compensación económica que debe entregar o concello ao concesionario pola prestación do servizo para lograr o equilibrio económico da concesión, polo que sería un pago que si devindica IVE".

Cuarta conclusión: a concesionaria non repercute o IVE ao canon facturado ao concello por tratarse dunha subvención non vinculada ao prezo, pero repercútelle o IVE na súa solicitude por tratarse dunha compensación económica que debe entregar o concello (...) para lograr o equilibrio económico. Os propios actos da solicitante incorren en contradición.

Non obstante, este argumento queda definitivamente superado pola doutrina da Dirección Xeral de Tributos e a normativa do IVE exposta, polo que non debe aceptarse en ningún caso a repercusión do IVE.

3.3 Órgano competente

O órgano competente para a resolución da solicitude, vinculada á liquidación do contrato de concesión da piscina municipal no período 2009-14 é o órgano de contratación, isto é, o Pleno.

3.4 Existencia de crédito axeitado e suficiente

Existe crédito axeitado e suficiente por importe de 10.742,66 € na aplicación orzamentaria 342.20900.

4. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto neste informe, conclúese que débese estimar parcialmente a solicitude presentada por Servicioc, Cultura, Deporte y Recreación SL o 05/05/2017 con núm. 201799900000031 aprobando unha compensación de 10.742,66 € pola parte pendente de amortizar dos investimentos pendentes de establecemento, de acordo coa cláusula 3 dos pregos de cláusulas administrativas.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito.

Rianxo, xoves 21 de febreiro de 2019 (...)>>

Á vista do informe da Intervención Municipal procede a estimación parcial da solicitude recoñecéndolle á empresa unha compensación por importe de 10.742,66 € e non de 56.067,13 € (IVE incluído), como reclama a solicitante.

PRIMEIRO

Estimar parcialmente a solicitude presentada o 05/05/2017 (núm. 201799900000031) por Serviocio, SL recoñecendo ao seu favor o importe de 10.742,66 € en concepto de compensación pola parte pendente de amortización dos investimentos de primeiro establecemento, segundo a cláusula 3ª do prego relativo ao contrato de concesión da piscina municipal formalizado o 15/01/2009.

SEGUNDO

Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer as obrigas correspondentes ao acordo anterior, imputándoas á aplicación orzamentaria 342.20900.

TERCEIRO

Notificarlles este acordo a Serviocio, SL e ao Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela que, actualmente está tramitado o P.O. 435/2017. Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal co fin de tramitar o pagamento deste importe.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 25/02/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e un membro do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN VIVENDAS DOS MESTRES BLOQUE B DE RIANXO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Con data 18 de outubro de 2018 ditouse a Providencia de Alcaldía na que se sinala que no inmovible

denominado VIVENDAS DOS MESTRES Bloque B de Rianxo, xa non se desenvolve un servizo público de ensinanza nin de vivenda de mestres

O 18/10/2018 a Secretaría do Concello emitiu informe.

O artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite súa oportunidade e legalidade.

O artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais e o artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establecen que o expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de aquela.

A desafectación de bens de dominio público de titularidade municipal afectados ao servizo público da ensinanza require autorización expresa da Administración educativa competente.

Cúmpanse as razóns de oportunidade e legalidade, xa que se deixou de prestar no inmovible o servizo público para o que está afectado e o criterio de oportunidade ven dado pola necesidade que ten o concello de poñer a disposición da veciñanza locais nos que podan desenvolver actividades que redunden en beneficio do común dos veciños.

Por acordo plenario de 25 de outubro de 2018 por maioría absoluta adoptouse o seguinte acordo :

Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar as vivendas localizadas na Rúa dos Mestres, Chamado BLOQUE B, por non ser precisas xa para o fin de casa-habitación.

Con data 17 de xaneiro de 2019 e Rexistro de entrada núm. 20190000000260, recébase Resolución da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, concedendo a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Rianxo, do inmovible correspondente ao Bloque B das vivendas dos mestres, porque non son necesarias para o uso educativo para o que están destinadas.

Por resolución da alcaldía núm. 32/2019 de data 18/01/2019 acórdase INICIAR o período de información pública por prazo de un mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.

Sometese o expediente a información pública durante un mes, dende a publicación no Bop da Coruña núm. 16 de data 23 de xaneiro de 2019, non interpoñéndose ningunha alegación segundo informe do rexistro de 26 de febreiro de 2019.

Conforme ao disposto Artigo 269 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da administración local de

Galicia e no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción deste acordo, previo ditame da Comisión informativa de deportes e patrimonio histórico, cultura, xuventude, educación e normalización polo exposto anteriormente en virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía propón á Corporación en pleno o seguinte ACORDO:

ÚNICO

Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible con referencia catastral 5225025NH1252S0001JU sita en rúa dos mestres, no que se prestaba un servizo público, para desafecta-lo do dominio público e cualificalo como ben patrimonial.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

9 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

1146314789

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=WUDMp7CbgMk>